O Pazo de Liñares

Un edificio histórico representativo da cultura pacega.

É de estilo barroco galego. Hai constancia da súa existencia dende alomenos o ano 1512, aínda que na súa maior parte foi construído a finais do s. XVII e principios do s. XVIII. Os dous corpos dos que consta o edificio fúndense perfectamente na fachada principal, na que sobresaen a gran cheminea e o escudo de armas da familia Taboada. Na parte posterior destaca a gran galería de arcos na parte nova, e obsérvase claramente a construción máis antiga, cunha salientable escaleira de acceso de triple rampla. A liñaxe dos Taboada foi propietaria do pazo ininterrumpidamente durante catro séculos, ata o ano 1920 no que o seu último sucesor deixa o pazo. A partir dese momento caeu no abandono e na ruína.

No ano 2002 é adquirido polo Concello de Lalín co obxetivo de recuperalo. En 2009 é declarado Ben de Interese Cultural (BIC). En 2014 inaugúrase tras ser rehabilitado.

Lareira

ESCUDO HERÁLDICO

A pedra armeira da fachada principal é un escudo cuartelado en cruz con armas dos Taboada, Mosquera, Churruchaos e López de Lemos baixo coroa coma timbre de nobreza. Existen ademais outros tres escudos no pazo.

SOLAINA

Trátase dunha galería de cinco arcos sustentados por columnas que está na fachada posterior do pazo orientada ao nacente. Dende o punto de vista arquitectónico semella unha "loggia" renacentista moi empregada en italia nos séculos XV e XVI.